



O MAR
PROXECTO DE CENTRO
2021-22



LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM



8 de marzo: Día Internacional da Muller

Este cartel foi un traballo de J. Howard Miller para Westinghouse Electric. Esta empresa buscaba motivar e levantar o ánimo das súas traballadoras durante a Segunda Guerra Mundial. Tomou a súa fama a comezos da década de 1980. Nos anos 80 era coñecido ben polo seu slogan ou ben por como o acumaron “Rosie the Riveter”.

Esta imaxe foi un símbolo que non só promoveu ao feminismo na década dos 80, senón que tamén foi unha inspiración para a loita doutras cuestións políticas. Ademais, o cartel foi portada no ano 1994 da revista Smithsonian e converteuse en 1999 nun selo de Estados Unidos.

Co seu « redescubrimento » na década de 1980 asumíuse que este cartel utilizábase para motivar ás traballadoras para sumarse ao esforzo da guerra. Esta imaxe foi utilizada para a contratación de mulleres durante a guerra, e tamén para aumentar a produción das xa contratadas. A empresa neste período estaba en plena expansión do seu negocio e diversificación do produto, e por mor da guerra a súa man de obra era mínima polo que recorreron á contratación de mulleres, como substitución da falta de man obreira masculina.

Hoxe transformouse nun símbolo do feminismo. Isto débese á clara mensaxe do cartel e á actitude e posturas de empoderamento da muller que aparece nel. E nós recolleemos o seu espírito.

Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud. Yo, sin embargo, soy libre, libre como los pájaros, como las brisas; como los árabes en el desierto y el pirata en el mar.

Rosalía de Castro



Moito que dicir


Alumnas, profesoras e persoal non docente do centro unímonos para celebrar o Día Internacional da Muller.



Nós podemos facelo
Unha chea de mensaxes que deixan claro que a igualdade e a liberdade son o camiño




Mulleres do mar



Lembramos este ano dun xeito moi especial a esas mulleres que, desde o ámbito científico, poñen o seu esforzo no estudo e conservación dos nosos mares e océanos.

Oceanógrafas, biólogas mariñas, arqueólogas submariñas, mergulladoras... todas elas fixeron do mar a súa vida deixando patente que a ciencia non distingue xéneros, aínda que quede moito por facer.





Sobre mulleres

As mulleres son valerosas, pioneiras, exploradoras. As mulleres precisan dunha habitación propia. As mulleres son científicas, artistas, son feministas, teñen poder. Compróbaos!

Día de Pi

O 14 de marzo é unha xornada soada principalmente entre os matemáticos: e por que? porque se celebra o Día Pi.

A elección desta data débese á forma na que se escribe o día e o mes (3/14) en EEUU, país onde naceu esta onomástica, e xoga coa unidade e os dous decimais máis coñecidos de Pi (3,14). Foi a Cámara de Representantes de EEUU, a que aprobou a creación deste día no ano 2009, que ademais coincide co nacemento do soado físico **Albert Einstein** en 1879.

O símbolo co que se representa en matemáticas, π , é a décimo sexta letra do alfabeto grego. O número Pi xa era coñecido no Antigo Exipto, hai case 4.000 anos, aínda que non se comezou a chamar así ata o século XVIII. No século V o astrónomo chinés Zu Chongzhi ofreceu unha forma sinxela de lembrar a aproximación máis precisa: dividir 355 por 113, cuxo resultado é 3,1415929. Esta proposta non foi superada en case 1.000 anos.

Foi utilizado inicialmente polo matemático William Jones en 1706 e popularizado posteriormente polo gran matemático e físico Leonhard Euler, ao redor do ano 1734, que foi o primeiro en saber o seu valor. O símbolo π foi adoptado tres anos máis tarde, en 1737.

O récord actual na memorización de decimais do número Pi teno o indio Suresh Kumar Sharma, con 70.030 decimais. Tardou máis de 24 horas en recitar todos os decimais.

E que é Pi? É a razón entre a lonxitude e o diámetro de calquera circunferencia, que é constante. Polo que non é estraño que estea en practicamente calquera lugar con algunha curvatura. Na actualidade seguimos calculando máis decimais de Pi, excedendo xa algúns billóns. Como curiosidade, a NASA toma 16 díxitos de Pi para calcular posicións exactas, e nos voos de longa distancia, nos que os avións fan un trazado en forma de arco dun círculo, o roteiro calcúlase facendo uso do número Pi para optimizar o traxecto e o combustible.

Trátase de escribir un tuit ao estilo *pilish*, un estilo de escritura no que cada palabra debe ter tantas letras como indica a cifra correspondente de Pi. Exemplo:


Ela á mañá é cando desenrola os cadros
3 1 4 1 5 9 2 6
puros. Con cores fermosas, impolutas.
5 3 5 8 9
Almorza debuxando. (David Gil)
7 9

Concurso de PiTuit.

Podcast



No podcast "**Grandes compositoras**" escoitamos exemplos de música composta por mulleres de distintas épocas. O 2º movemento do "Concerto para piano en La m" de **Clara Schumann**, "Ordo Virtutum" de **Hildegard von Bingen**, "A cantar m'er du so" de **Beatrice de Día**, e "Serenade" de **Sofía Gubaidulina**. Son só un pequeno exemplo do bo facer da muller no campo da música clásica.



Pintura



Un día de verán

Berthe Morisot foi unha das cinco pintoras que conseguiron entrar no exclusivo (e masculino) círculo dos impresionistas e foi tan importante nel que mesmo ela conseguiu que Edouard Manet formase parte deste grupo. Ao pertencer á alta burguesía, os seus pais fomentaron a súa formación artística e especializouse nas paisaxes. 'Un día de verán' é un dos seus cadros máis fermosos, no que vemos a dúas mozas paseando en barco sobre as augas tranquilas dun río. A harmonía da composición, a bela luz, a delicadeza da imaxe, a frescura do resultado... son algúns duns trazos dun cadro bosquexado en pinceladas tan grosas como libres.

Club de lectura

Na anterior sesión do Club de Lectura limos varios fragmentos do libro de Teócritos que trataban sobre un cíclope. Como andábamos por datas próximas a San Valentín escollimos o fragmento no que o cíclope Polifemo declárase a una ninfa.

O que máis nos chamou a atención neste fragmento foi a sinceridade do cíclope ante a ninfa xa que aceptaba os seus defectos dun xeito moi natural e tenro.

Faia Varela Corral



Premio á creatividade

Os alumnos de 1º de Bacharelato **Miguel Ángel Rincón, Rubén Lamzildi, Elisabeth Bejarano, Yoel Sanjuán, Beatriz Arias e Daniel Pico** coordinados por **David Martínez**, recibiron un premio á creatividade no concurso **QUE SUCEDEU EN FERROL O 10 DE MARZO DE 1972?**

Parabéns 🙌🙌🙌



Sopa de letras



1. EVACUACION
2. BOMBARDEOS
3. REFUXIADO
4. EXERCITO
5. INVASION
6. UCRAINA
7. DEFENSA
8. ALARMAS
9. TANQUES
10. GUERRA
11. AXUDA
12. RUSIA
13. PUTIN
14. MORTE
15. KIEV

Despedida



O 11 de marzo despedimos a Jose, logo de moitos anos traballando no centro, cunha gran ovación de toda a comunidade educativa. Botarémolo en falta.

Día mundial da poesía

Celebramos este 21 de marzo lembrando que o próximo autor homenaxeado no **Día das Letras Galegas** é un poeta: **Florencio Delgado Gurriarán**, e repasando algúns poemas inspirados no mar.

